XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal

# COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS

# MEMORIA DE ACTIVIDADES

# EXERCICIO 2020

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



# MEMORIA DE COORDINACIÓN DAS POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA

## EXERCICIO 2020

ÍNDICE

Presentación

1. Actividades de control e seguimento da normativa de coordinación

*1.1. Convocatorias de procesos selectivos informadas*
*1.2 Convocatorias de procesos selectivos para a contratación de persoal auxiliar de policía local informadas*
*1.3. Colaboración institucional*
1.3.1. Consultas

2. Actividades dos órganos de coordinación

*2.1. Grupo de Desenvolvemento Normativo*

*2.2. Gabinete Técnico*

*2.3. Comisión de Coordinación*

3. Cadros de persoal

4. Procesos selectivos unitarios

*4.1. Convenios asinados polos concellos*

*4.2.Convocatoria de proceso selectivo para a categoría de Policía*

*4.3. Convocatoria de proceso selectivo para a contratación de persoal auxiliar de policía local*

5. Actividades de formación a través da Academia Galega de Seguridade Pública

6. Anexo

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



## Presentación

De acordo co previsto no artigo 19.4 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, preséntase a Memoria Anual das Actividades de Coordinación desenvolvidas durante o ano 2020 pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, para informe da Comisión de Coordinación de Policías Locais.

Este ano 2020 presentou a especial circunstancia da pandemia da Covid-19 que influíu no normal desenvolvemento das actividades e funcións desta Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Non obstante, previa adopción das medidas sanitarias oportunas permitiu acadar un alto grado dos obxectivos inicialmente previstos.

No eido da colaboración institucional, é de salientar un ano máis a aplicación do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección do persoal dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local.

Continúan a incrementarse os concellos que están a susbscribir os convenios para o desenvolvemento dos procesos selectivos e a súa execución pola Academia Galega de Seguridade Pública. No exercicio 2020 ofertáronse 91 prazas para a categoría de Policía (por quenda libre 73, por mobilidade 18), 16 prazas para a categoría de Oficial e ao que se engaden 119 prazas para persoal Auxiliar de policía.

Santiago Villanueva Álvarez
*Director xeral de Emerxencias e Interior*
*Vicepresidente da Comisión de Coordinación de Policías Locais de Galicia*

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



# 1. Actividades de control e seguimento da aplicación das normas de coordinación

## *1.1. Convocatorias de procesos selectivos informadas*

| **Concello** | **Categoría** | **Libre** | **P. Interna** | **Mobilidade** | **Integr.** | **Data rexistro** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Concello de Baiona | Auxiliar policía | 8 | | | | 04/06/2020 |
| Concello de Friol | Vixilante | 1 | | | | 14/10/2020 |
| Concello de Guitiriz | Policía | | | 1 | | 07/09/2020 |
| Concello de Moaña | Policía | 3 | | 2 | | 26/10/2020 |
| Concello de Monforte de Lemos | Policía | 3 | | | | 06/10/2020 |
| Concello de Oleiros | Inspector | | 1 | | | 09/06/2020 |
| Concello de Oleiros | Oficial | | 2 | | | 24/01/2020 |
| Concello de Poio | Policía | | | 2 | | 18/06/2020 |
| Concello de Rianxo | Policía | | | | 2 | 03/02/2020 |
| Concello de Teo | Inspector | | | 1 | | 23/01/2020 |
| Concello de Teo | Policía | | | 1 | | 23/01/2020 |

## *1.2. Convocatorias de procesos selectivos para a contratación de persoal auxiliar de policía local informadas*

| **Concello** | **Data Informe** |
|---|---|
| Ares | 10/03/20 |
| Baiona | 04/06/20 |
| Boiro | 31/01/20 |
| Chantada | 25/05/20 |
| Moaña | 02/03/20 |
| Mondoñedo | 11/06/20 |
| Monforte de Lemos | 10/02/20 |
| Mos | 12/02/20 |
| Porto do Son | 05/06/20 |

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



| Concello | Data Informe |
|---|---|
| Quiroga | 03/03/20 |
| Ribeira | 27/01/20 |
| Tui | 23/01/20 |
| Verín | 08/05/20 |

## *1.3. Colaboración institucional*

### 1.1.1. Consultas atendidas no marco competencial establecido pola normativa de coordinación

- Concellos: 18
- Persoal: 1

**Temática:**

- 
- Segunda Actividade
- Reingreso servizo activo
- Sistemas de mobilidade
- Procesos selectivos (convocatorias)
- Vixiantes municipais
- Auxiliares policía local
- Xefe de policía
- Funcionariado en prácticas

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal

## 2. Actividades dos órganos de coordinación

### *2.1. Grupo de Desenvolvemento Normativo*

O Grupo de Desenvolvemento Normativo reuniuse o 28 de outubro e o 11 de novembro de 2020, para tratar diversas cuestións relativas ao proxecto de Decreto de desenvolvemento da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais e para a emisión dun informe a petición da Comisión de Coordinación sobre a dispensa da uniformidade solicitada polo Concello de Vigo para unha unidade especial da Policía local denominada Grupo Operativo de Apoio.

### *2.2. Gabinete Técnico*

**A C T A**

**----=oOo=----**

**D. Jorge Atán Castro,**
*Subdirector xeral de Seguridade e Coordinación*
**Don Javier Enrique Fraga Campo**
*Subdirector xeral de Réxime Xurídico. Dirección Xeral de Administración Local*
**Don Andrés González Murga**
*Secretario Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública*
**D.ª Ángeles Lestón Mayo**
*Xefa do Servizo Técnico Xurídico. Secretaía Xeral da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.*
**D. Francisco Martínez Muñoz**
*Intendente, Xefe do Corpo de Policía Local do Concello de Vigo.*
**D. José González Cores**
*Secretario,*
*Xefe do Servizo de Seguridade. Dirección Xeral de Emerxencias e Interior*

Reunido o Gabinete Técnico en materia de seguridade, segundo a convocatoria acordada e coa asistencia das personas sinaladas, coa finalidade de informar os asuntos que constitúen a orde do día da convocatoria de reunión da Comisión de Coordinación de Policías Locais de Galicia, sinalada para o próximo día 1 de decembro, procédese á exame dos mesmos

**1. Aprobación, se proceder, da acta da reunión da Comisión de Coordinación do 20 de outubro de 2020**
Previo informe do Secretario do contido da acta, como tamén da emenda a realizar para facer constar a sistencia da Directora Xeral de Administración Local.

**2. Informe elaborado polo Grupo de Desenvolvemento Normativo respecto da solicitude do Concello de Vigo para a dispensa na uniformidade do persoal policial integrante dunha unidade especial do corpo de policía local do concello, denominada “Grupo Operativo de Apoio (GOA)**

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal


Analizado o informe, ponse de manifesto que o actual Decreto 60/2010, do 8 de abril, non contempla esta cuestión, o que podería cuestionar a validez xurídica sobre a viabilidade da dispensa que, de ser así, precisaría agardar a aprobación do novo decreto, que sí contempla esta posibilidade, cuxo proxecto está en elaboración.

**3. Informar o proxecto de Decreto para o desenvolvemento da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais**

Analizado o texto, considérase necesaria unha revisión ortográfica, xunto cunha verificación das referencias normativas que se conteñen no articulado, para a consideración que estime conveniente a Comisión de Coordinación no seu informe sobre o proxecto.

**4. Rolda de intervencións**

Non se producen.

En constancia dos asuntos tratados e os acordos acadados, esténdese a presente, as 13,15 horas.

### *2.3. Comisión de Coordinación*

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DAS POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA**

**Día:** 20 de outubro de 2020
**Hora:** 10,15 h
**Lugar:** Video conferencia, a través da aplicación informática “Falemos”

**VICEPRESIDENCIA**

1. **D. Santiago Villanueva Álvarez**
   *Director xeral de Emerxencias e Interior*

**VOGAIS**

*REPRESENTACIÓN DA XUNTA DE GALICIA*

2. **D.ª Natalia Prieto Viso**
   ***Directora xeral de Administración Local***
3. **D.ª Natalia Lobato Mosquera**
   *Subdirectora xeral de Réxime Xurídico*
   *Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de*

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



*Presidencia, Xustiza e Turismo*

4. **D.Manuel Pillado Quintáns.**
   *Director xeral da Asesoría Xurídica Xeral*
   *Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo*
5. **D. Jorge Atán Castro**
   *Subdirector xeral de Seguridade e Coordinación*
   *Dirección Xeral de Emerxencias e Interior*

- **D. Andrés González Murga**
  *Secretario xeral da Academia Galega de Seguridade Pública*
- **D.ª Mónica Castro Pérez**
  *Xefa do Servizo de Formación en Seguridade Pública. Academia Galega de Seguridade Pública*
  *Comparece na súa condición de persoal técnico no ámbito das súas competencias*

*REPRESENTACIÓN DOS CONCELLOS*

- **D.ª Eva María Villaverde Pego**
  *Concelleira. Concello de Pontevedra*
- **D. Gonzalo Muíños Sánchez**
  *Concelleiro.Concello de Santiago de Compostela*
- **D. Francisco Martínez Muñoz**
  *Intendente, Xefe do Corpo de Policía Local do Concello de Vigo.*
  *Concello de Vigo*
- **D. José Carlos López Campos**
  *Alcalde. Concello da Estrada*
- **D. José María Sánchez Novo**
  *Primeiro tenente de alcalde. Concello de Arteixo*
- **D. Juan Seoane Collazo**
  *Concelleiro. Concello de Carballo*

*REPRESENTACIÓN DO PERSOAL DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL*

SINDICATOS

- **D. José Luis Castro Eitor**
  *CIG*

1. **D. Antonio Millares Jorge**
   *CCOO*
2. **D. Iván Viña Botana**
   *CSI-CSIF*
3. **D. Pergentino Martínez Pampillón**
   *FSP-UGT Galicia*

ASOCIACIÓNS

1. **D. Jose Manuel Rico Rodríguez**
   *Inspector principal de Policía Local*
   *Asociación Profesional de Xefes e Mandos dos Corpos de Policía local (AXEMPOL)*

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal

2. **D. Carlos Álvarez Álvarez**
   *Policía local*
   *Asociación Profesional "Unión Galega de Policías Locais" (UGPOL)*

**Constitución**

Comparecidas as persoas sinaladas e acadado o *"quorum"* necesario para a constitución válida da comisión en primeira convocatoria por representar a maioría absoluta dos seus membros, de acordo co previsto no artigo 18 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, ábrese o acto polo Vicepresidente, e procédese ao desenvolvemento da reunión segundo a orde do día da convocatoria, a que foi obxecto de exame polo Gabinete Técnico, como órgano adscrito á consellería en materia de seguridade, na reunión do pasado 15 de outubro, e que foi comunicada, xunto cos asuntos que constitúen a orde do día, aos membros da comisión. Con carácter previo, logo do agredecemento da asistencia, informa da necesidade de que esta reunión se realice por videoconferencia en razón da actual situación xerada polo COVID-19 e as medidas preventivas de aplicación para este tipo de reunións. Por outra parte, informar do retraso orixinado na convocatoria pola falta de designación da representación dos Concellos nesta Comisión, tamén se informa da previsión dunha próxima convocatoria á que se levaría o borrador de decreto de desenvolvemento da Lei de Coordinación e que está en estudo polo Grupo de Desenvolvemento Normativo.

1. **Aprobación, se proceder, da acta do 1 de febreiro de 2019**

Previo informe do Vicepresidente, apróbase sen reparos.

2. **Memoria das actividades de coordinación**

Previo informe do Vicepresidente respecto das memorias correspondentes aos anos 2018 e 2019, nas que se recollen as principais actividades realizadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, como centro directivo con competencias en materia de coordinación, a Comisión dase por informada.

Vogal Sr. Millares formula unha proposta para que no futuro se recollan os cadros de persoal con división de xénero, o que permitiría unha información sobre a perspectiva de xénero nos distintitos corpos de policía local. Por outra parte, solicita unha verificación da cobertura real da praza de vixiante municipal do Concello da Golada.

A proposta ten acollida e terase en conta na elaboración das sucesivas memorias, como tamén a necesaria verificación da praza de vixiante.

3. **Distincións de honra**

Informa a Vicepresidencia dos criterios que ten establecidos a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior respecto das distincións, por unha parte o "Distintivo de Permanencia no Servizo Policial" que é obxecto de regulamentación no artigo 93 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, e se outorga ao persoal dos corpos de policía local que cumpre 25 anos de servizo, cunha traxectoria profesional excepcional, sen que

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal


consten antedentes desfavorables, requisitos a certificar polos concellos, non exenta de verificación pola Dirección Xeral. Por outra banda, as Medallas ao Mérito da Policía Local, que serán examinadas nesta reunión, cuxas propostas foron realizadas por este centro directivo cun criterio de necesario cumprimento da esixencia dos requisitos que establece o artigo 92 do Decreto 243/2008, a fin de por en valor estas distincións.

*3.1 **Distintivo de Permanencia no servizo policial***
Segundo a información facilitada polos concellos, que achegaron a certificación de cumprimento dos requisitos, outórgase esta distinción a 78 policías, co seguinte desglose por anos:

- ano 2018, 47 funcionarios, e
- ano 2019, 31 funcionarios

Informa o Secretario que na documentación achegada coa convocatoriada facíase constar que o persoal a distinguir correspondente ao ano 2019 era de 29, o que se incrementa en dous funcionarios máis ao recibir unha comunicación do concello de Ribadeo para emendar a omisión respecto do seu persoal con dereito ao distintivo.

Vogal Sr. Millares sinala un erro na listaxe correspondente ao persoal policial do Concello de Pontevedra e que aparece relacionado no Concello de Vigo.

De acordo co sinalado, procederase a emenda correspondente.

Acordo da Comisión: dase por informada.

***4.2 Medalla ao Mérito da Policía Local***
Avaliación e informe das propostas á Medalla ao Mérito da Policía Local (Artigo 98 e 99, do Decreto 243/2008, do 16 de outubro)

**4.2.1 Ano 2018**

**4.2.1.1 Corpo de Policía Local do Concello de Tui**
Proposta do persoal policial interviniente no sinistro do 23 de maio de 2018, ao explosionar unha pirotecnia en Páramos (Tui).

Persoal a distinguir: José Ramírez Pérez, Manuel Arca Caeiro, David González Martínez e Avelino Martínez Pérez

**4.2.1.2 Corpo de Policía Local do Concello do Porriño**
Proposta do persoal policial interviniente no sinistro do 23 de maio de 2018, ao explosionar unha pirotecnia en Páramos (Tui).

Persoal a distinguir: Antonio Pereira Nandín, Benjamín Blanco Durán, Francisco Javier Rodríguez Fernández, Sergio García Castaño, Brais Roca Acuña, Daniel Rodríguez González e Adolfo Suárez Piñeiro

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



Informa a Vicepresidencia que a proposta xustifícase polas tarefas realizadas na “zona 0” do sinistro polo persoal policial para socorrer ás víctimas e informar da situación aos servizos de emerxencia, cunha grande confusión; as condicións existentes na dita zona eran de pouca visibilidade, con existencia de focos de lume, gran cantidade de gases orixinados pola explosión do material pirotécnico, pequenas explosións e derrubamentos. Xunto co anterior realizaron os labores de coordinación para facilitar o acceso dos medios de extinción de incendios e asistencia sanitaria.

Sometidas as propostas a aprobación, non se formulan reparos e son aprobadas

**4.2.1.3 Corpo de Policía Local de Cee**
Proposta do persoal policial interviniente no rescate dunha persoa con ocasión dun incendio: José Manuel García Leal

Informa a Vicepresidencia que a proposta xustifícase polo feito de acceder á vivienda na que se produciu o incendio, cunha atmosfera viciada por unha intensa fumareda, localizando o foco do incendio e realizando tarefas de illamento do mesmo, xunto coa  localización dos seus ocupantes, dúas persoas, unha delas nun estado grave de nerviosismo e a outra inconsciente, ás que auxiliou a saír a rúa.Como consecuencia da exposición ao fume, as dúas persoas rescatadas e o policía interviniente precisaron asistencia médica e foron ingresadas no hospital Virxe da Xunqueira de Cee

Sometida a proposta a aprobación, non se formulan reparos e apróbase.

4.2.1.4 **Corpo de Policía Local de Pontevedra**
Proposta do persoal policial interviniente no rescate do condutor dun vehículo no río Lérez: José Antonio Álvarez Romero

Informa a Vicepresidencia que a proposta xustifícase pola acción desenvolvida polo policía, ao mergullarse nas augas e consiguir abrir unha das portas do vehículo e rescatar ao condutor, logo de cortar o cinto de seguridade, trasladandoo á beira do río coa axuda doutras persoas, onde se lle realizaron manobras de RCP por persoal sanitario, conseguindo a súa reanimación; posteriormente foi traslado ao Hospital Montecelo

Sometida a proposta a aprobación, non se formulan reparos e apróbase.

**4.2.1.5 Informar da non formulación de propostas respecto das solicitudes formuladas polos Concellos:**

**Concello de Ribadeo**: tratáse dunha pretensión de recoñecemento a un funcionario de policía local pola súa traxectoria profesional como funcionario de policía; a solicitude baséase na prestación de servizos no corpo de policía inherentes á dita condición, con esforzo diario, empeño e adicación, realización dun xeito eficaz o seu labor e sen constancia de nota en contra.

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



A Resolución da Dirección Xeral, de 24 de setembro de 2019, resolve non atender a solicitude de proposta por aplicación do artigo 89 do decreto que recolle un elenco de distincións para o persoal das policías locais e os vixiantes municipais, coa finalidade de premiar e distinguir aqueles feitos excepcionais ou de particular relevancia, que non formen parte das funcións e cometidos normais dos seus postos de traballo; non parece que a xustificación proposta polo Concello de Ribadeo sexa incardinable na finalidade á que atende o decreto e, por outra parte, o Sr. Fernández Muíña xa foi distinguido co Distintivo de Permanencia previsto ao efecto como un recoñecemento a unha traxectoria profesional excepcional e sen que consten antecedentes desfavorables do persoal distinguido (art. 93, Decreto 243/2008, do 16 de outubro)

**Concello do Rosal:** trátase dunha solicitude de outorgamento dunha distinción (que non se concreta),para o policía do seu concello, don Ricardo Villa Sobrino, pola súa actuación no salvamento dunha persoa na praia fluvial das Eiras, para o que se tirou a auga e realizou manobras de reanimación cardio-pulmonar ata a chegada dos servizos médicos. Esta actuación non foi suficiente para salvala vida da persoa.

A Resolución da Dirección Xeral, de 24 de setembro de 2019, logo da exame da documentación, conclúe que a actuación policial desenvolvida foi a seguinte: unha persoa informa da localización dun bañista que non podía saír do río e que parecía morta; mobilizados os medios operativos polo CAIE 112, persónanse no lugar persoal do GES da Guarda e do Parque de Bombeiros do Porriño, realizando un rastrexo con zodiács na localización; a persoa foi rescatada sobre ás 14,25 horas polo policía local Ricardo Villa Sobrino, que se adentrou na orilla e a sacou do río, realizando manobras de reanimación sen éxito.

Polo que conclúese que non se cumplen os requisitos do artigo 89 do decreto, que atende a unha finalidade de premiar e distinguir aqueles feitos excepcionais ou de particular relevancia, que non formen parte das función e cometidos normais do persoal policial.

Acordo da Comisión: informada.

**Concello de Tui**
A Proposta desta Dirección Xeral para o outorgamento da Medalla ao Mérito da Policía Local ao persoal funcionario de Policía do Concello de Tui, como consecuencia do sinistro do pasado 23 de maio de 2018, recolle a mención correspondente á intervención realizada polo persoal auxiliar de policía, e que consistiu na realización de labores de colaboración na seguridade viaria, fóra do espazo de risco do sinistro, e que constitúen as funcións propias para este persoal con carácter xeral, que non resultan incardinables nos supostos previstos no decreto

Acordo da Comisión: informada.

**4.2.2 Ano 2019**

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal

**4.2.2.1 Corpo de Policía Local de Muxía**
Proposta do persoal policial interviniente no rescate dunha persoa nun acantilado: José Manuel Blanco Lema

Xustifícase a proposta pola localización dunha unha persoa agarrada á parede dun acantilado rocoso, nunha zona na que rompía a mar a altura das súas pernas, con perigo certo de caída. De inmediato, o citado policía, xunto con outras persoas, desprazáronse ao punto a través dunha zona de acantilados rocosos e esvaradizos, cunha altura de varias decenas de metros sobre o nivel da mar. Unha vez sitos no punto, fíxose necesario que o policía e un voluntario de protección civil baixaron pola parede do acantilado ata achegarse á persoa a rescatar e que permanecía agarrada na parede do acantilado, colocáronlle unha corda por debaixo das axilas para o seu rescate ao non poder valerse por si mesma, conseguindo izala ata unha zona segura onde recibiu unha primeira asistencia e o posterior traslado nunha ambulancia.

Sometida a proposta a aprobación, non se formulan reparos e apróbase.

**4.2.2.2 Corpo de Policía Local de Ribeira**
Proposta do persoal policial interviniente nun atraco a unha gasoliñeira: José Antonio González Sampedro e Francisco Crujeiras Vidal

Xustifícase a proposta pola intervención e auxilio prestado a unha persoa ferida nunha perna como consecuencia do disparo dunha escopeta e que presentaba unha forte hemorraxia, á que se lle practicou un torniquete polos policías intervinientes, para o que se utilizou un cinturón e a defensa persoal, logrando conter a perda de sangue ata a chegada dunha ambulancia e os técnicos sanitarios.Os citados técnicos informaron dan gravidade das lesións, as que foron cualificadas como de “extremidade catastrófica”, debido ás múltiples feridas e a fractura aberta con minuta, considerando que a premura na aplicación do torniquete pola forza policial interviniente foi a causa principal para garantir a vida da persoa ferida, cualificando como perfecta a técnica empregada e que recomenda a “Guía Europea del Manejo de Hemorragia Masiva y Cuagulación por Trauma”.

Sometida a proposta a aprobación, non se formulan reparos e apróbase.

**4.2.2.3 Informe da non formulación de propostas**
**Concello de Muxía**
A Resolución desta Dirección xeral, do 3 de marzo de 2020, en relación cos feitos de data 6 de setembro de 2019, que refiren o salvamento de varias persoas en perigo de caeren a mar, con independenza das características do lugar en que se produciron os feitos, que require dun coidado extremo en materia de seguridade, a actuación policial que se relata e documenta na solicitude en ningún momento presenta unha relevancia tal que xustifique a proposta de distinción que se solicita de acordo co previsto no artigo 89 dio Decreto, destinado a distinguir aqueles feitos excepcionais ou de particular relevancia, que non formen parte das funcións e cometidos normais dos seus postos de traballo.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



Informa a Vicepresidencia para reiterar o criterio restrinxente no outorgamento destas distincións a fin de non desmerecer a súa concesión e posta en valor, de acordo coa regulamentación establecida no Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

Acordo da Comisión: informada.

Vogal Sr. Millares: solicita información respecto das solicitudes para as que a Dirección non formulou proposta de outorgamento.

A solicitude ten acollida e pola Vicepresidencia disponse a remisión dunha copia das correspondentes resolucións. Asemade, infórmase que o acto solemne de entrega das distincións que se está a realizar na Academia Galega de Seguridade Pública, queda supeditado a que a actual situación xerada polo COVID o permita; de non ser así, se enviarían aos concellos respectivos para a súa entrega ao persoal.

**5. Proposta do sindicato UGT-FESP: Interpretación da normativa relativa ás practicas do curso selectivo respecto do persoal que xa ten a condición de Policía local pertencente a un municipio de fóra de Galicia**
Previo informe do vogal señor Pampillón, apróbase a proposta da Vicepresidencia de traslado ao Grupo de Desenvolvemento Normativo para a emisión dun informe.

**6. Informe da comisión sobre o proxecto de regulamento de honras e distincións do Corpo de Policía Local do Concello de Pontevedra**
Previo informe do Secretario da comisión e a resultas das alegacións formuladas, a vogal Sra. Villaverde Pego, de acordo co informado pola Vicepresidencia, retira o asunto da orde do día, solicitando se aclare se é preceptivo o informe desta Comisión.

A solicitude ten acollida e o asunto retírase da orde.

**7. Proposta de estudo formulada pola asociación UGPOL, para a modificación da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, xunto con outras cuestións relacionadas coa policía local (persoal auxiliar, Integración CIAE 112, programas de xestión policial, actos oficiais e probas dos procesos selectivos)**
Pola Vicepresidencia proponse que esta cuestión sexa analizada no Grupo de Desenvolvemento Normativo para a emisión dun informe; a proposta apróbase sen alegacións.

**8. Proposta formulada pola representanción sindical do persoal policial (CC OO, UGT, CSIF e CIG), para unha análise pola Comisión de Coordinación das medidas que no marco das súas competencias corresponda pola pandemia por contaxio do virus Covid-19**
Previo informe da Vicepresidencia, a cuestión é obxecto de análise, con alegacións da representación sindical, das asociacións policiais e da representación dos concellos.

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



**9. Proposta de Vogais (titular e suplente), da Comisión de Coordinación para a composición dos órganos de selección dos procesos selectivos unitarios (artigo 6 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local**

Acádase consenso na seguinte designación

Vogal titular: Sonia López Díaz, do Concello de Narón
Vogal suplente: Sonia María Álvarez, do Concello de Pontevedra

Respecto da convocatoria do proceso selectivo AUXILIARES, a proposta da Vicepresidencia, analizarase nunha nova convocatoria da Comisión, amosando conformidade os asistantes.

**10. Dar conta dos procesos unitarios desenvolvidos ao abeiro do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma cos concellos na selección do persoal de policía local, vixilantes municipais e persoal auxiliar de policía local. Anos 2018 e 2019**
A cuestión é informada pola persoa responsable do Servizo de Formación en Seguridade Pública da Academia Galega de Seguridade Pública.

11. **Rolda de intervencións.**

Análízanse as seguintes cuestións:

- Posiciónamiento e iniciativa da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior respecto da Pandemia en relación coas Policías Locias.
- Recuperación da liña de participación e funcionamento dos órganos de coordinación (FEGAMP e Asociacións).
- Recurso formulado fronte aos procesos unitarios convocados.
- Problemas coa mobilidade do persoal policial.
- Falta de dotación de armas ao persoal policial.

A reunión remata ás 12,00 horas

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal


## 3. Cadros de persoal.

Recóllense en documento anexo que figura ao final desta memoria os cadros de persoal segundo os datos que constan no Rexistro das Policías Locais a 31/12/2020.

## 4. Procesos selectivos unitarios

### *4.1. Convenios asinados polos concellos*

| | | AUXILIARES DE POLICÍA | | | POLICÍA LOCAL | | | | | OFICIAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CONCELLO | ANO SINATURA | 2018 | 2019 | 2020 | 2018 | 2019 | 2019 MOBILIDADE | 2020 | 2020 MOBILIDADE | 2020 |
| A Cañiza | 2018 | | 1 | 1 | | | | | | |
| A Coruña | 2018 | | | | 3 | 30 | | | | |
| A Estrada | 2018 | 4 | 4 | 4 | 1 | | | 2 | | |
| A Fonsagrada | 2018 | 1 | 1 | | 1 | | | | | |
| A Guarda | 2018 | 2 | 2 | 2 | | 3 | | | | 1 |
| A Illa de Arousa | 2019 | | 2 | | | | | | | |
| A Laracha | 2018 | | 3 | 3 | 2 | | | | | |
| A Pobra do Caramiñal | 2018 | 5 | 4 | | | | | 3 | | |
| A Rúa | 2020 | | | | | | | | | |
| Arteixo | 2020 | | | | | | | | | |
| Arzúa | 2019 | | | | | | | 1 | | |
| As Neves | 2019 | | | | | | | 1 | | |
| Ames | 2019 | | | | | | | | | |
| Barbadás | 2018 | 2 | 2 | 2 | | | | | | |
| Bergondo | 2018 | 2 | 2 | | 1 | | | | | |
| Betanzos | 2018 | 4 | 4 | | | | | 1 | 1 | |
| Burela | 2020 | | | | | | | | | |
| Bueu | 2018 | | 6 | 8 | | 3 | | | | |
| Cabanas | 2020 | | | | | | | | | |
| Caldas de | 2020 | | | | | | | | | |

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Reis | | | | | | | | | | |
| Cambados | 2018 | 4 | | | | | | | | |
| Cangas | 2019 | | 2 | 4 | | 10 | 2 | | | |
| Carballiño | 2018 | 1 | 6 | 6 | | | | 2 | | |
| Carballo | 2018 | | | 2 | 5 | | | 2 | | 2 |
| Cariño | 2018 | | | | | | | | | |
| Carral | 2019 | | | | | | | 2 | | |
| Cedeira | 2019 | | 4 | 2 | | | | 1 | | |
| Celanova | 2018 | | | | | | | | | |
| Covelo | 2018 | | | | | | | | | |
| Cuntis | 2018 | | | | | | | | | |
| Fene | 2018 | | | | | 1 | | 1 | | 1 |
| Ferrol | 2019 | | | | | 12 | 4 | | | 3 |
| Fisterra | 2018 | | | | | 2 | | | | |
| Foz | 2019 | | | | | | | 2 | | |
| Friol | 2020 | | | | | | | | | |
| Gondomar | 2018 | | | 4 | | 2 | 1 | | | |
| Guitiriz | 2020 | | | | | | | | | |
| Laxe | 2019 | | | | | | | | | |
| Lugo | 2019 | | | | | 14 | 4 | 16 | 5 | |
| Malpica de Bergantiños | 2018 | 2 | 2 | 2 | 1 | | | 1 | | |
| Marín | 2018 | 4 | 4 | | 1 | 2 | | | | |
| Meaño | 2018 | 1 | 1 | | | | | | | |
| Melide | 2018 | 3 | 2 | | 3 | | | | | |
| Miño | 2018 | | | 2 | | | | 1 | | 1 |
| Moaña | 2018 | | | | 2 | 1 | | | | |
| Mugardos | 2019 | | | | | 1 | | | | |
| Narón | 2018 | | | | | 3 | | | | |
| Negreira | 2018 | 2 | 2 | | 1 | | | | | |
| Nigrán | 2019 | | 4 | | | | | | | |
| Noia | 2020 | | | 1 | | | | 1 | 1 | |
| O Barco de Valdeorras | 2018 | | 2 | 2 | 1 | | | 1 | 1 | |
| O Grove | 2019 | | 4 | 5 | | 3 | | | | |
| O Rosal | 2018 | | | | 1 | | | | | |
| Oleiros | 2019 | | 6 | 6 | | | | | 1 | |
| Ordes | 2018 | | | | 2 | | | | | |
| Ortigueira | 2018 | 2 | 2 | 2 | 1 | 1 | | 1 | | 1 |

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ourense | 2019 | | | | | | | 18 | 7 | |
| Outes | 2020 | | | | | | | | | |
| Padrón | 2020 | | | | | | | | | |
| Poio | 2019 | | 4 | | | | | | | |
| Ponte Caldelas | 2020 | | | | | | | | | |
| Ponteareas | 2018 | | 6 | 6 | 1 | 3 | 1 | 2 | 1 | 1 |
| Ponteceso | 2020 | | | | | | | | | |
| Pontedeume | 2019 | | | | | 2 | | | | |
| Pontevedra | 2020 | | | | | | | 7 | | |
| Redondela | 2018 | 5 | 6 | 6 | 2 | 7 | 2 | | | 1 |
| Rianxo | 2018 | 6 | 1 | 4 | | 1 | | | | |
| Ribadavia | 2019 | | | | | | | | | |
| Ribadeo | 2018 | | | | | 1 | 1 | | | |
| Ribeira | 2018 | | | | 1 | 1 | | | | |
| Sada | 2018 | 6 | | | | 3 | 2 | | | |
| Salceda de Caselas | 2018 | 2 | 2 | 1 | | | | | | |
| Santiago de Compostela | 2018 | | | | 1 | 12 | 4 | | | 1 |
| Sanxenxo | 2018 | 33 | 33 | 33 | | | | | | |
| Sarria | 2018 | 4 | 4 | | | | | | | |
| Soutomaior | 2018 | | 1 | | 1 | | | 1 | | 1 |
| Tomiño | 2018 | | 1 | 1 | | | | | | |
| Tui | 2018 | | | | 3 | | 1 | 1 | | |
| Valdoviño | 2018 | 2 | 2 | | | 2 | | | | |
| Vilaboa | 2018 | | | | | | | 1 | | |
| Vilagarcía de Arousa | 2018 | 10 | 15 | 8 | 3 | 6 | 3 | 4 | | 2 |
| Vilalba | 2019 | | | | | 3 | 1 | | | |
| Vilanova de Arousa | 2018 | 2 | | 2 | | | | | 1 | |
| Viveiro | 2018 | | | | 1 | 2 | 1 | | | 1 |
| Xinzo de Limia | 2018 | | 2 | | | 1 | | | | |
| | | 109 | 149 | 119 | 39 | 132 | 27 | 73 | 18 | 16 |

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



### *4.2.Convocatoria de proceso selectivo para a categoría de Policía*

**DOG Núm. 137 do 10 de xullo de 2020**

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

ORDE do 8 de xullo de 2020 pola que convoca proceso selectivo para o acceso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, quendas de acceso por promoción interna e por mobilidade (código de procedemento PR461C).

De conformidade co establecido no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de Policía Local (Diario Oficial de Galicia núm. 222 de 2017, do 22 de novembro), esta vicepresidencia, en virtude da delegación conferida para o efecto polos concellos interesados,

DISPÓN:

Convocar o proceso selectivo unitario para o acceso nos corpos de Policía Local, escala básica, categoría de oficial, quendas de promoción interna e mobilidade, subgrupo C1.

1. Obxecto do proceso selectivo.

1.1. O obxecto do proceso selectivo é cubrir 20 prazas dos corpos de Policía Local, categoría de oficial, escala básica.

1.2. As prazas non cubertas pola quenda de promoción interna acumularanse á quenda de mobilidade e serán publicadas a través de resolución da persoa que ocupe a Dirección Xeral da Agasp.

1.3. O número, a denominación e as características das prazas que se convocan neste proceso selectivo especifícanse no anexo II desta orde.

1.4. O presente proceso selectivo rexerase polo establecido nestas bases e para o non previsto observarase o disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que a desenvolve, e na Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos da Policía Local, e o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de Policía Local.

1.5. O código do procedemento regulado nesta orde é PR461C.

2. Requisitos das persoas aspirantes.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



2.1. As persoas interesadas en participar neste proceso pola quenda de promoción interna deberán posuír na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter os seguintes requisitos:

a) Ser funcionario/a de carreira do corpo cun mínimo de tres anos continuados de servizo activo na categoría de policía; computarase tamén neste caso o tempo de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación, nun dos concellos que aparecen no anexo II na enumeración das prazas ofertadas.

b) Estar en posesión do título de bacharel ou técnico. Así mesmo, observarase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais.

c) Non ter sido sancionado/a por falta grave ou moi grave, ou telas canceladas.

d) Faltarlles máis dun ano para o paso a segunda actividade por razón de idade.

2.2. As persoas interesadas en participar neste proceso pola quenda de mobilidade deberán posuír na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de bacharel ou técnico. Así mesmo, observarase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Ter en propiedade a categoría de oficial noutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Contar cunha antigüidade mínima de 5 anos nesa categoría; deberanlles faltar, como mínimo, oito anos para o paso previsto á situación de segunda actividade.

3. Solicitudes.

3.1. Forma e prazo de presentación.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal, que figura como anexo I a esta convocatoria. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal


O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial del Estado.

No procedemento da quenda por concurso para mobilidade non se terá en conta a documentación que non quede debidamente acreditada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

3.2. Taxas.

3.2.1. Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar neste proceso selectivo deberase aboar previamente en concepto de dereitos de exame o importe de 31,69 euros e, de ser o caso, os gastos de transferencia correspondentes, en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o ingreso da taxa empregarase un impreso de autoliquidación como o sinalado no anexo V cos códigos para a súa formalización que se facilitan nel.

A non presentación deste impreso de autoliquidación, no cal deberá figurar a data e selo da entidade bancaria co formulario de solicitude no proceso selectivo, determinará a exclusión da persoa aspirante no dito proceso, e non será posible a súa emenda fóra do prazo de solicitudes.

Poderase tamén realizar o pagamento pola internet nas entidades financeiras autorizadas. Para isto, deberán acceder á oficina tributaria, a través da web da Axencia Tributaria de Galicia (www.atriga.gal). Neste suposto, unha vez efectuado o pagamento, imprimirase o xustificante de ter aboado a taxa (modelo 730), que será o que se presente coa solicitude.

En ambos os supostos, a presentación do xustificante do aboamento das taxas non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso selectivo.

3.2.2. Exención e bonificación no aboamento da taxa.

Estarán exentos do pagamento desta taxa por dereito de inscrición:

a) As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50 % do importe da taxa:

a) Ás persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.

As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando coa solicitude a seguinte documentación ou autorizando a Administración a comprobala.

- Copia do título oficial de familia numerosa, de carácter común ou especial.

3.3. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal


3.3.1. As persoas interesadas en participar neste proceso deberán achegar coa súa solicitude a seguinte documentación:

a) Xustificante do ingreso da taxa, co selo da entidade bancaria con indicación da data.

b) Copia do título, de ser o caso, de familia numerosa, no suposto de que non fose expedido pola Xunta de Galicia.

c) Relación dos méritos que se acrediten, por cada unha das epígrafes de que consta o concurso, segundo o especificado no anexo III.

d) Copias da documentación acreditativa dos méritos alegados.

e) Certificado de Celga 4 ou equivalente non expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística (só no suposto de participar na quenda de promoción interna).

f) Certificado acreditativo de ter en propiedade a categoría de oficial nos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia e contar cunha antigüidade mínima de cinco anos nesa categoría (só no suposto de participar na quenda de mobilidade).

3.3.2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionarase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

3.3.3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

3.3.4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximo establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3.4. Comprobación de datos.

3.4.1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



b) DNI ou NIE da persoa representante.

c) NIF da entidade representante.

d) Título oficial non universitario exixido (bacharelato, técnico ou equivalente).

e) Titulo de familia numerosa, no suposto de ser expedido pola Xunta de Galicia.

f) Certificado Celga 4 ou equivalente só cando sexa expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

3.5. Notificacións.

3.5.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.5.2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3.5.3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

3.5.4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.6. Publicación dos actos.

3.6.1. Publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

– Relación provisional de persoas admitidas e non admitidas.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal


- Relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas e data e lugar de realización da primeira proba.

3.6.2. Na páxina web da Agasp (www.agasp.xunta.gal) publicaranse, ademais, as resolucións coas datas e lugares de realización das restantes probas selectivas, resultados delas, relación de persoas aprobadas e demais comunicacións deste proceso.

3.7. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. Admisión de aspirantes.

4.1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) publicará no DOG e na páxina web da Agasp a resolución pola que se declaren con carácter provisional os/as persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, así como os/as aspirantes exentos e non exentos da realización da proba de coñecementos da lingua galega. No caso de non existiren persoas excluídas, ou que as persoas excluídas o estean por motivos non emendables, a listaxe será considerada como definitiva.

4.2. As persoas aspirantes excluídas e os/as declarados/as non exentos/as da realización da proba de coñecementos da lingua galega disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no DOG, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

d) Estar en posesión do título de bacharel ou técnico. Así mesmo, estarase ao establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título a efectos profesionais.

e) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B.

f) Non ter sido condenado/a por delito doloso nin separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación conforme as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas.

h) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións propias dos corpos da Policía Local.

2.2. As persoas interesadas en participar neste proceso, na quenda de concurso, deberán posuír na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter os seguintes requisitos:

a) Ter en propiedade a categoría de policía noutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia.

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal


b) Contar cunha antigüidade mínima de 3 anos nesa categoría e deberalles faltar como mínimo doce anos para o pase previsto á situación de segunda actividade.

3. Solicitudes.

3.1. Forma e prazo de presentación no procedemento de oposición libre (PR461B).

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal e que é o anexo I desta orde.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial del Estado.

3.2. Forma e prazo de presentación no procedemento de concurso (PR461D).

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal, correspondente ao anexo II desta orde.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial del Estado.

Non se terán en conta a documentación que non quede debidamente acreditada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

3.3. A participación neste proceso de selección é voluntaria, e implica que se presta consentimento para realizar as probas e os exercicios psicotécnicos, aceptando que o resultado desas probas sexa empregado como factor de valoración, de conformidade co previsto nestas bases.

3.4 Taxas.

3.4.1. Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar neste proceso selectivo, deberase aboar previamente en concepto de inscrición o importe de 32.48 euros (Código da

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal


taxa: 30.03.04) e, de ser o caso, os gastos de transferencia correspondentes, en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o ingreso da taxa empregarase un impreso de autoliquidación como o sinalado no anexo VII cos códigos para a súa formalización facilitados nel.

A non presentación deste impreso de autoliquidación, no cal deberá figurar a data e selo da entidade bancaria, co formulario de solicitude no proceso selectivo determinará a exclusión no dito proceso da persoa aspirante, e non será posible a súa emenda fóra do prazo de solicitudes.

Poderase tamén realizar o pagamento pola Internet nas entidades financeiras autorizadas. Para isto, deberán acceder a oficina tributaria, a través da Web da Axencia Tributaria de Galicia (www.atriga.gal). Neste suposto, unha vez efectuado o pagamento, imprimirase o xustificante de ter abonado a taxa (modelo 730) que será o que se presente coa solicitude.

En ambos os supostos, a presentación do xustificante do aboamento das taxas non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso selectivo.

3.4.2. Exención e bonificación no aboamento da taxa.

Estarán exentos do pagamento desta taxa por dereito de inscrición.

a) As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50 % do importe da taxa:

a) As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.

b) As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

As circunstancias de exención e bonificación serán comprobadas pola Administración, e deberán ser acreditadas, presentando coa solicitude a documentación que a continuación se indica, só no caso de opoñerse á dita comprobación.

– Copia do título oficial de familia numerosa, de carácter común ou especial.

– Certificación negativa da percepción actual de prestación/subsidio por desemprego e antigüidade como demandante de emprego expedida polo Servizo Público de Emprego.

3.5. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

3.5.1. As persoas interesadas na quenda de oposición libre deste proceso deberán achegar coa súa solicitude a seguinte documentación:

a) Xustificante do ingreso da taxa, co selo da entidade bancaria con indicación da data.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal

b) Copia do título, de ser o caso, de familia numerosa, no suposto de que non fose expedido pola Xunta de Galicia.

c) Certificado de Celga 4 ou equivalente non expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

d) Declaración responsable de portar armas, e, de ser o caso, de chegar a utilizalas e de que non está inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público, conforme o modelo que figura como anexo VIII desta convocatoria.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.5.2. As persoas interesadas na quenda de concurso para mobilidade deste proceso deberán achegar coa súa solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a seguinte documentación:

a) Xustificante do ingreso da taxa, co selo da entidade bancaria con indicación da data.

b) Certificado acreditativo de ter, en propiedade, a categoría de policía nos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia e contar cunha antigüidade mínima de tres anos nesa categoría.

c) Relación dos méritos que se acrediten, por cada unha das epígrafes de que consta o concurso segundo o especificado no anexo IV.

d) Copias da documentación acreditativa dos méritos alegados.

e) Copia do título de familia numerosa, no caso de non ser expedido pola Xunta de Galicia.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3.5.3. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3.5.4. A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionarase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supere os tamaños máximo establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no paragrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3.6 .Comprobación de datos.

3.6.1 Para a tramitación deste procedemento, na quenda de oposición libre, consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

b) DNI ou NIE da persoa representante.

c) NIF da entidade representante.

d) Títulos non universitarios oficiais (bacharelato, técnico ou equivalente).

e) Certificado de inexistencia de antecedentes penais.

f) Situación de desemprego.

g) Titulo de familia numerosa, no suposto de ser expedido pola Xunta de Galicia.

h) Certificado Celga 4 ou equivalente só cando sexa expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística .

i) Permisos de conducir das clases B e A2.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberan indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

3.6.2. Na quenda de concurso comprobarase, nos casos de exención de taxas, o título de familia numerosa no suposto de ser expedido pola Xunta de Galicia.

3.7. Notificacións.

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



3.7.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

3.7.2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3.7.3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

3.7.4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

3.7.5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.7.6. O domicilio que figure nas solicitudes considerarase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto o erro na súa consignación como a comunicación á Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) de calquera cambio neste. O mesmo será aplicable a outros medios de comunicación posibles, como os teléfonos de contacto e o correo electrónico.

3.8. Publicación dos actos.

3.8.1. Publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

– Relación provisional de persoas admitidas e non admitidas.

– Relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas e data e lugar de realización da primeira proba.

3.8.2. Na páxina web da Agasp (www.agasp.xunta.gal) publicaranse, ademais, as resolucións coas datas e lugares de celebración das restantes probas selectivas, os seus resultados, relación de persoas aprobadas e demais comunicacións deste proceso.

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal


A data de publicación na páxina web da Agasp será determinante para efectos de cómputo de prazos.

3.9. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Admisión de aspirantes.

4.1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) publicará no DOG e na páxina Web da Agasp a resolución pola que se declaren con carácter provisional as persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, así como os/as aspirantes exentos e non exentos da realización da proba de coñecementos da lingua galega. No caso de non existir persoas excluídas, ou que as persoas excluídas o estean por motivos non emendables, a listaxe será considerada como definitiva.

4.2. As persoas aspirantes excluídas e os/as declarados/as non exentos/as da realización da proba de coñecementos da lingua galega disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no DOG, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin excluídas na relación publicada.

4.3. Non se poderá emendar a presentación de solicitude fóra de prazo habilitado para este efecto, nin o non pagamento da taxa establecida. As estimacións ou desestimacións das solicitudes de emenda entenderanse explícitas na resolución Dirección Xeral da Agasp pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, así como a listaxe definitiva de exentos/as e non exentos/as da proba de coñecementos da lingua galega, que se publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Agasp.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

4.4. Nesta resolución indicarase o lugar, data e hora da realización do primeiro exercicio.

5. Proceso selectivo na quenda de oposición libre.

5.1. O procedemento de selección será o de oposición por quenda libre e constará de cinco exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



seguinte as persoas aspirantes que non tivesen alcanzado a cualificación mínima establecida para cada un deles.

5.2. A oposición consistirá na realización dos exercicios que se enumeran no anexo V desta orde, coa forma e sistema de cualificación nel descritos.

6. Desenvolvemento dos exercicios por quenda de oposición libre.

6.1. A orde de actuación das persoas aspirantes iniciarase alfabeticamente pola primeira da letra S, consonte o establecido na Resolución do 30 xaneiro de 2020 polo que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 25, do 5 de febreiro).

O tribunal, unha vez finalizado o primeiro exercicio, establecerá por orde decrecente de puntuación o número de aspirantes que deberán desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas, de resultar necesario.

6.2. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistos de DNI ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

6.3. De conformidade co artigo 12 do Decreto 243/2008, as persoas aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal así como o suposto que se describe a continuación.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou posparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes en que concorra a devandita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese realizar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só o resto das probas.

En calquera caso, darase por superado o proceso selectivo a aquelas persoas aspirantes que obtivesen una puntuación final que non puidese ser alcanzada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.

As mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou, eventualmente, os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo calquera que fose derivada da

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



situación de embarazo e lactación. Ante a solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, os tribunais poderán determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

6.4. Durante o tempo fixado para a realización das probas selectivas non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria, quedando prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos, constituíndo causa de inadmisión ao chamamento a simple tenza deles.

6.5. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no DOG e na páxina xeb de Agasp, con dous días de antelación, polo menos, a data sinalada para o seu inicio.

6.6. Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poden presentar, anula algunha ou algunhas preguntas incluídas na proba de coñecementos, anunciarao na páxina web da AGASP.

Neste suposto, e no caso que se ter realizado, serán tidas en conta as cuestións de reserva, que terán unha puntuación igual ás do resto de exercicio.

6.7. As cualificacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na sede da AGASP e na súa páxina web.

Concederase un prazo de cinco días para os efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

6.8. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal ten coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria, logo de audiencia do interesado/a, comunicarallo á Agasp para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, suporá a súa exclusión do proceso selectivo.

6.9. A puntuación das persoas aspirantes que superen todas as probas do proceso selectivo virá determinada pola puntuación do primeiro exercicio.

Tendo en conta que nos corpos de Policía Local de Galicia existe infrarrepresentación feminina, no suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

a) Criterio de desempate recollido no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal o empate se resolverá a favor da muller.

b) Menor tempo acadado na proba de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal

c) Menor tempo acadado na proba de velocidade, carreira de 50 metros lisos.

d) En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

7. Proceso selectivo na quenda de concurso para mobilidade.

O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso, de conformidade co baremo de méritos que se recolle no anexo III desta convocatoria.

8. Tribunal.

8.1. O tribunal cualificador do proceso será nomeado por orde da consellería competente en materia de seguridade, e estará composto por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a, pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional en que se requira para o seu ingreso a titulación de bacharelato ou superior, a súa composición será paritaria segundo o establecido no artigo 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias da Academia Galega de Seguridade Pública, corresponden ao tribunal as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas, á cualificación dos/as aspirantes, á emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso selectivo, así como, en xeral, á adopción de cantas medidas sexan precisas na orde correcta das probas selectivas e resolución de incidencias.

8.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no Acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010.

A persoa titular da presidencia deberá solicitar aos membros do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

8.3. A autoridade convocante publicará no DOG a orde correspondente pola que se nomeen os novos membros do tribunal que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

8.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no DOG. Na devandita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia de, polo menos, tres dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas titulares da presidencia e da secretaría.

Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a autoconvocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito.

Das sesións celebradas polo tribunal redactarse a acta correspondente que será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da presidente/a.

8.5. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico.

8.6. O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz pero non voto.

8.7. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

8.8. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da dirección xeral da Agasp nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

9. Relación de persoas aprobadas e lista de reserva, elección de prazas, presentación de documentación e nomeamento como persoal funcionario en prácticas para a quenda de oposición libre.

9.1. Relación de persoas aprobadas e lista de reserva.

Unha vez rematado o proceso selectivo, o tribunal elaborará por orde decrecente da puntuación a lista de persoas aprobadas. O número destas persoas non poderá superar o de prazas convocadas.

Así mesmo, o órgano de selección elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva cun número de persoas aspirantes que será como máximo igual ao de persoas aprobadas. Na lista de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas dos proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

Ambas as dúas listas serán publicadas na páxina web da Agasp.

9.2. Elección de praza.

A Dirección da Agasp, a través da súa páxina web, convocará as persoas aprobadas a unha reunión presencial para elixir praza, dentro das comprendidas nesta convocatoria, por rigorosa orde da puntuación obtida no proceso selectivo.

A concorrencia por parte das persoas aprobadas á reunión prevista neste artigo é obrigatoria nos mesmos termos e coas mesmas excepcións que se aplican á obriga de acudir ás probas das oposicións consonte o artigo 12 do Decreto 243/2008. Ás persoas

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal


aprobadas que, estando obrigadas, non comparezan persoalmente ou por medio de representante seranlles adxudicadas as prazas que lles correspondan segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación daquelas ás persoas aprobadas presentes ou representadas, entre as que quedasen sen adxudicar.

Asignadas as prazas de acordo co previsto nesta base, a Dirección da Agasp publicará na súa páxina web a relación destas co nome das persoas ás cales foron adxudicadas e comunicaralles os datos destas aos concellos que correspondan, xunto coa data prevista para o comezo do preceptivo curso selectivo de formación e a documentación precisa que acredita o cumprimento dos requisitos exixidos para o seu nomeamento como funcionarios/as en prácticas.

A partir do día seguinte ao da publicación da adxudicación das prazas, as persoas ás que se lles adxudicasen disporán dun prazo de cinco días hábiles para a presentación ante o concello aos efectos que correspondan.

As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación ou do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos non poderán ser nomeadas persoal funcionario en prácticas e quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

9.3. Nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas mediante resolución da correspondente Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

As persoas así nomeadas permanecerán na dita situación desde o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do procedemento selectivo.

O curso selectivo de formación será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública na cal se indicará a data de inicio.

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado, o concello comunicará esta circunstancia á Dirección Xeral da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

9.4. Curso selectivo de formación.

As persoas aspirantes aprobadas na quenda de oposición libre deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007 e o artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente na condición de persoal funcionario de carreira.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso selectivo.

Aos funcionarios e funcionarias en prácticas seralles de aplicación o regulamento de réxime interior da Agasp durante o seu curso de formación e o período de prácticas, e con carácter supletorio cando os feitos non constitúan falta no dito regulamento, seranlles de aplicación as normas do réxime disciplinario da Policía Local de Galicia recollidas na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais e normativa de desenvolvemento.

A cualificación do curso de formación e do período de prácticas quedarán en suspenso ante a concorrencia sobrevida de calquera causa de exclusión ata que non se resolva o expediente que se incoe.

10. Nomeamento como persoal funcionario de carreira do concello correspondente na quenda de concurso para mobilidade.

10.1 O tribunal remitirá á Agasp a proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira dos correspondentes concellos segundo o resultado do concurso de méritos, en número non superior ao de prazas convocadas, xunto con igual número de reservas.

10.2 A Agasp notificaralle esta proposta aos concellos interesados no prazo de 5 días desde a súa publicación para que eleven a definitiva tal proposta e se proceda ao seu nomeamento.

Así mesmo, a Agasp comunicaralle, no suposto de quedar prazas vacantes ou declaradas desertas, a súa incorporación a convocatoria de oposición libre.

11. Procedemento penais ou administrativos pendentes.

Cando as persoas que participan no proceso selectivo teñan aberto, ou se lles abra con posterioridade un procedemento penal ou administrativo que puidese rematar cunha condena por delito doloso, coa separación do servizo das administracións públicas ou a inhabilitación para o exercicio das funcións públicas, a admisión ao procedemento selectivo, a permanencia nel, así como o seu ingreso no corpo da Policía Local quedará condicionado ao feito que nos citados procedementos non se produza a condena ou separación referida.

O persoal participante no suposto de atoparse nas situacións descritas no parágrafo anterior debe comunicar tal situación, e a Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública poderá solicitar en calquera momento do proceso selectivo unha declaración xurada de non atoparse nas ditas situacións.

A falsidade ou omisión de datos nesta declaración xurada dará lugar ás responsabilidades que se establezan no regulamento de réxime interior da Agasp en

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



relación co incumprimento das ordes ou disposicións ditados pola dirección xeral da Academia.

12. Información ás persoas interesadas.

Sobre esta convocatoria, poderase obter información adicional na AGASP a través dos seguintes medios:

a) https://sede.xunta.gal/portada.

b) Páxina web da Agasp (http://agasp.xunta.gal).

c) No enderezo electrónico formacion.agasp@xunta.gal.

d) No teléfono da Agasp 886 20 61 10.

e) No Servizo de Formación en Seguridade Pública da Agasp (avenida da Cultura, s/n, 36680, A Estrada, Pontevedra).

13. Información básica sobre protección de datos persoais.

Os datos persoais solicitados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas Web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou, presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais.

14. Disposición derradeira.

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal

13.1. Esta convocatoria e as súas bases vinculan a Administración, o tribunal encargado de xulgar o proceso selectivo e as persoas que nel participen.

13.2. Así mesmo, cantos actos administrativos sexan producidos polo tribunal, pola autoridade convocante ou o órgano encargado da xestión poderán ser impugnados polos/as interesados/as de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

13.3. Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, consonte a Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2020

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal


ANEXO III

| Concello | Nº de prazas | Denominación | Escala | Categoría | Grupo | Procedemento de selección |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A Estrada | 2 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| A Pobra do Caramiñal | 3 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Arzúa | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| As Neves | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Betanzos | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| O Carballiño | 2 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Carballo | 2 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Carral | 2 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Cedeira | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Fene | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Foz | 2 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Lugo | 16 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal


| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Malpica de Bergantiños | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Miño | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Noia | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| O Barco de Valdeorras | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Ortigueira | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Ourense | 18 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Ponteareas | 2 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Pontevedra | 7 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Soutomaior | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Tui | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Vilaboa | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Vilagarcía de Arousa | 4 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Oposición |
| Total acceso libre | 73 | | | | | |

| Concello | Nº de | Denominació | Escal | Categorí | Grup | Procedemento de |
|---|---|---|---|---|---|---|

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



| | prazas | n | a | a | o | selección |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Betanzos | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Concurso |
| Lugo | 5 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Concurso |
| Noia | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Concurso |
| O Barco de Valdeorras | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Concurso |
| Oleiros | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Concurso |
| Ourense | 7 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Concurso |
| Ponteareas | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Concurso |
| Vilagarcía de Arousa | 1 | Policía local | Básica | Policía | C1 | Concurso |
| Total mobilidade | 18 | | | | | |

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal

ANEXO IV

Táboa de méritos quenda de concurso

| Epígrafes | Descrición dos méritos que se van valorar | Valoración parcial (en puntos) | |
|---|---|---|---|
| 1. Titulacións académicas oficiais | - Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente<br>- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente<br>- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente<br>- Bacharelato técnico ou equivalente | 3,00<br>2,00<br>1,50<br>0,50 | |
| 2. Antigüidade como funcionario de carreira | - Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, nos corpos de Policía Local<br>- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de seguridade<br>- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de calquera Administración pública. | 0,20<br>0,10<br>0,05 | |
| 3. Formación profesional e docencia | Como alumno de Agasp ou en actividades conveniadas | AS | AP |
| | - Cada hora en actividades de tipo presencial | 0,015 | 0,025 |
| | - Cada hora en actividades de formación en liña | 0,010 | 0,020 |
| | Como alumno noutras actividades alleas á Agasp | | |
| | - Cursos ou actividades ata 20 horas | 0,20 | 0,30 |
| | - Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas | 0,35 | 0,50 |
| | | 0,45 | 0,65 |
| | | 0,50 | 0,75 |

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



| Epígrafes | Descrición dos méritos que se van valorar | Valoración parcial (en puntos) | |
|---|---|---|---|
| | - Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas<br>- Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas<br>- Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas<br>- Cursos ou actividades de máis de 200 horas | <br>0,75<br>1,00 | <br>1,00<br>1,30 |
| | Como profesor da Agasp ou en actividades conveniadas<br>- Cada hora en actividades de tipo presencial<br>- Cada hora en actividades de formación en liña<br>Como profesor noutras actividades alleas á Agasp<br>- Cada hora en actividades de tipo presencial<br>- Cada hora en actividades de formación en liña | 0,020<br>0,015<br>0,015<br>0,010 | |
| 4. Distincións e recompensas oficiais | - Placa individual ao mérito da policía local<br>- Placa colectiva ao mérito da policía local<br>- Medalla ao mérito da policía local<br>- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos<br>- Distincións do órgano colexiado competente do concello | 2,00<br>1,50<br>1,00<br>0,75<br>0,25 | |
| 5. Idiomas | Coñecemento de idiomas, distintos do español e do galego, acreditados por certificado de EOI<br>A) Ciclos. | 1,00<br>2,00 | |

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



| Epígrafes | Descrición dos méritos que se van valorar | Valoración parcial (en puntos) |
|---|---|---|
| | - Certificado de superación do<br><br>ciclo elemental<br><br>- Certificado de superación do<br><br>ciclo superior<br><br>B) Niveis.<br><br>- Certificado superación nivel básico<br><br>- Certificado superación nivel intermedio<br><br>- Certificado superación nivel<br><br>avanzado<br><br>Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten | 0,65<br><br>1,30<br><br>2,00 |
| 6. Lingua galega | Coñecemento da lingua galega, segundo acreditación<br><br>- Celga 1<br><br>- Celga 2<br><br>- Celga 3<br><br>- Celga 4<br><br>- Curso de iniciación<br><br>- Curso de perfeccionamento<br><br>- Curso de linguaxe administrativa nivel medio<br><br>- Curso de linguaxe administrativa nivel superior | 0,25<br><br>0,50<br><br>0,75<br><br>1,00<br><br>0,75<br><br>1,00<br><br>1,50<br><br>2,00 |

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



| Epígrafes | Descrición dos méritos que se van valorar | Valoración parcial (en puntos) |
|---|---|---|
| | Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten | |

Rúa Roma, 25-27 (Poligono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax. 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.gal



ANEXO V

Exercicios

1. Primeiro exercicio: proba de avaliación dos coñecementos.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal e deberán amosar o dominio dos contidos do temario que figura como anexo VI a esta orde.

